

## XUNTA DE CENTRO EXTRAORDINARIA

Acta da sesión Extraordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo convocada para o 18 de xullo de 2014, venres, ás 9:00 horas en primeira convocatoria e ás 9:30 en segunda convocatoria, no Salón de Actos do Edificio Politécnico do Campus de Ourense.

Ás 9:30 horas deu comezo a sesión, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Valoración do informe de auditoría externa inicial para a Certificación da Implantación do SGIC de 9 de xullo de 2014.
2. Solicitud de cambio de cuatrimestre da materia Hardware de Aplicación Específica de 3º de Grao.
3. Aprobación, se procede, de modificacións no calendario de exames da convocatoria de fin de carreira / antigo decembro da titulación de Enxeñaría en Informática.
4. Aprobación, se procede, das alegacións ó informe provisional de seguimento do Grao en Enxeñaría Informática 2012/13.
5. Aprobación, se procede, das alegacións ó informe provisional de seguimento do Máster en Enxeñaría Informática 2012/13.
6. Aprobación, se procede, das alegacións ó informe provisional de seguimento do Máster en Sistemas Software Intelixentes e Adaptables 2012/13.
7. Aprobación, se procede, das propostas de modificación da Memoria do Máster en Enxeñaría Informática (MEI) para o curso 2014/15.